

“PRESENZA”

Chegaba de lonxe. A néboa embazaba os vitrais do aire e as pisadas resoaban profundas, vagamente apagadas tamén máis alá da cativa luz dos farois que ían suxerindo rúas, quintanas, e calellas. O brillo da auga lambía nas lousas coma un can a se esvaecer por entre as columnas –tal vez árbores- cara ao corazón do escuro. Sen saber de que maneira, fora internándose no misterio dun soto pétreo, de pasmosas formas e recantos silandeiros, onde o tempo acudía a remansar inorde. De pouco en pouco, o camiño abría no calveiro dun adro esquecido ou dun claustro cunha fonte de musgo a deitar harmónicas pinguelas. As grandes prazas eran estanques sombrizos nos que fluctuaban as follas invisibeis dos recordos. Toda a cidade recendía a seituras lonxanas e aínda ao quencer das terras montesías. Cada portal de cada casa deitaba un ulir diferente nas rachas de aire que agallopaban ceibas como égoas nos derradeiros espazos do verán.

As horas –xúrovolos- eran códices a gardaren galloufas e coresmas entre pergamiños de salmos, antífonas, cantigas...

E aquelas visións incribeis a proxectar a súa inmensidade máxica cara o cénit da noite. Enormes. Ásperas tal que se unha xeadada de area viñese a se pousar sobre delas envolvéndolas. Dende a miña posición, a perspectiva daqueles corpos era practicamente inabarcabel, pois que eu a penas levantaba do chan máis do que a miña sombra extensa e repetida. Con todo, borrosos pola néboa contemplaba aqueles contornos nimbados por un enigmático cerco de irrealidade que producía a sensación indescribible dun encantamento. Unha quentura alucinante contrastaba na miña fronte coa frescura do orballo e xa nin me tiña conta de se eran tres ou catro aquelas atraentes figuras que percibía como atrapadas nunha inerte soidade cósmica, como parte dunha escena interrompida de súpeto, como un chisco de vida apreixada na eternidade.

¿Quen daquelas fidalgas a pasearen nun xardín de barrocas estruturas, enlazadas por sendeiros de mirteiras, deveceu porque a súa beleza non envellecese endexamais?. Quen fose. Aquel pecado de soberbia tan excusabel bastara para que un lóstrego aterrecedor palidecerao todo e todo mudara en pedra polos séculos dos séculos. A fermosura trascendeu ao contorno e algo había que, en efecto, namoraba, que chamaba por un cara a fascinación que alentaba no medio daquel mundo petrificado, cara a aquela beleza que se presentía plena de intensidade ao débil claror da lúa no devalante. Nunha arrotada puxen fin ao meu arroubo e adianteime nun devezo febril de cinguila contra min e deslígalo feitizo, mais non atopei máis nada que a fría dureza do seu vestido de pedra. Persistían arredor os hábitos da súa presenza, o aroma do seu corpo insensibel a encher os ámbitos da miña éxtase, aquel perfume antigo que fluía da delicadeza dos brocados que a enfeitaban e se desipaba nun dédalo de rúas abeiradas polas altas paredes dos pazos e mosteiros, nas que remanecían vestixios vexetais

visibeis no granito, como setos xigantescos dun verxel fosilizado. A música dos clavecíns xa non acariñaba as camelias dos patios.

Eu non era quen de separar a realidade do prodixio. A miña mente estaba a arder e ardíanme tamén os ollos como se estivesen bañados polo sal. A ansiedade arpepiábame. Cando calmou, un xélido estupor deu en me adurmiñar garimosamente. Sentín como se unha forza estrana quixera reterme, inmovilizarme por min adentro, paralizarme pesadamente, friamente. Todo tendía a se escurecer, a me reducir tan só a pensamento. Ceíbe un bramido salvaxe que estremeceu as tebras máis alá das traballadas chimeneas e das agullas dos cataventos. Botei a correr aloucadamente. Alancañei pola grande escaleira de par da fonte dos cabalos, cara á Porta Faxeira, a me perder na cidade nova...

Deambulei por pubs e discotecas sen acougo nin consciencia. Xentes noitébregas mesturábanse entre o fume do tabaco e o ulido doce da “herba”. Rock, lásse, música salseira, rock, ritmos lentos, fume, colonia, penumbra. Tres deprimentes drogas arrastrábanse agónicos na área dos servizos. Nalgures atopei unha muller. Fomos a un apartamento. Quixémonos. Bicámonos desesperadamente, interminablemente, como con medo de nos separar ou de morrer. Doíanme os beizos; sentía neles como gretas, como boqueiras, como areas ferintes...

Expertos en litoconservación chamados polo cabido compostelán contemplaban abraiados, no Pórtico das Platerías, unha mancha como de sangue que a floraba por entre os beizos de pedra da muller adúltera, xusto ao pé da fermosísima Berenguela.

Salvador García-Bodaño
Os misterios de Monsieur D'Ailler. Galaxia